

O SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES

JAIME LÓPEZ GOLPE / ADELA REIG BOTELLA
Universidade da Coruña

RECIBIDO: 26 de marzo de 2012 / ACEPTADO: 31 de xullo de 2012

Resumo: Este traballo trata sobre o sistema público de pensións en España e en Galicia. Desde o acordo do ano 1995 sobre os problemas estruturais da Seguridade Social, asináronse catro acordos máis sobre pensións nos anos 1996, 2001, 2006 e 2011. A separación de fontes de financiamento xunto co fondo de reserva fan que o sistema veña mantendo superávits. O acordo do ano 2011 xerou unha ampla expectación polo seu significado material e polas súas repercusións políticas, con independencia da análise do seu contido. España está a 2,5 puntos do PIB en gasto de pensións da media europea. Polo que respecta ás pensións en Galicia, no ano 2010 o índice de dependencia do sistema público de pensións foi do 25,8%, fronte ao 18,2% da media do Estado, un diferencial de máis de sete puntos. O diferencial negativo da pensión en Galicia é progresivamente crecente: no ano 1990 a pensión media galega representaba o 87% da española, no ano 2010 xa só equivale ao 84%. O sistema contributivo é deficitario en Galicia: os ingresos por cotas non cobren os pagamentos das pensións; no ano 2009, a relación entre recadación e pagamentos tivo un saldo negativo de 1.669 millóns de euros.

Palabras clave: Pensións / Seguridade Social / Acordos / Custos laborais.

The Public Pensions System

Abstract: This work is about the public pension system in Spain and in Galicia. Since the 1995 agreement on the structural problems of Social Security, four more agreements were signed (1996, 2001, 2006 and 2011). The separation of the sources of funding together with the reserve fund have lead to a maintenance of the system's surpluses. The agreement of 2011 generated a broad expectation because of its material meaning and its political implications regardless of its content. Spain's GDP is 2,5 points below the European average pensions spending. Concerning the pensions in Galicia, the rate of dependence on the public pension system in 2010 was of 25,8% compared to the 18,2% average of the State, which makes a differential of more than seven points. The negative differential pension in Galicia is progressively increasing, in 1990 the average Galician pension represented the 87% of the Spanish one, as in 2010 is only equivalent to the 84% of the latter. The contributory system is deficient in Galicia: the income from fees does not cover the payments of pensions, in 2009 the ratio had a negative balance of collection payments of 1.669 million of euros.

Keywords: Pensions / Social security / Agreements / Labor costs.

1. INTRODUCCIÓN

O sistema de Seguridade Social (SS) é un dos principais instrumentos de redistribución da riqueza e garantía da protección social do que os cidadáns podemos gozar. Os primeiros sistemas de SS xurdiron en Europa a mediados do século XIX, e en España no ano 1906. Foron as necesidades de protección das persoas traballadoras as que motivaron a creación das primeiras sociedades de socorros mutuos, antecedente dos sistemas de SS. O resultado dese labor forma parte do pa-

trimonio acumulado na evolución do Estado social, consagrado na Constitución alemá de 1919 e que se estendeu por Europa como o modelo político denominado estado de benestar. A Constitución española de 1978 recolle esta definición nos seus artigos 1 e 9.2, desenvolvéndoa, entre outros e no que a pensións se refire, nos artigos 41 e 50, fundamentalmente (Oliva, 2010).

A importancia da SS radica en ser unha rede de protección social para toda a cidadanía; un instrumento de solidariedade interxeracional e interterritorial entre traballadores; unha garantía de renda para persoas xubiladas, desempregadas ou enfermas, que serve á súa vez para o mantemento da demanda interna e, con iso, da actividade produtiva e do emprego. Por iso paga a pena estar comprometido co coidado e fortalecemento do sistema de SS.

No Pacto de Toledo –acordo político e social alcanzado no ano 1995– plásmase o consenso das forzas sociais e políticas sobre os problemas estruturais da SS e as principais reformas para solucionarlos mediante un proceso de negociación e acordo previos. Os pactos propuxeron a progresiva desaparición dos réximes especiais (Vida *et al.*, 2011), e iso traducíuse na aparición de medidas parciais, pero xa relevantes, a este respecto. Despois deste, asináronse catro acordos sobre pensións nos anos 1996, 2001, 2006 e 2011 (López Gandía, 2011).

Os distintos acordos alcanzados no ámbito do Pacto de Toledo deseñaron unha estratexia para separar as fontes de financiamento que debían facerse cargo dos gastos propios da actividade laboral contributiva (pensións) daqueles outros que eran propiciados por dereitos subxectivos universais (sanidade) e que son independentes dunha posible contribución como asalariado cotizante. A separación de fontes do sistema da SS puido aforrar as cotizacións que ingresaba e que non necesitaba para pagar prestacións contributivas, mentres que hai unha década este superávit ía destinado a pagar as prestacións non contributivas, que na actualidade provén do Fondo de Reserva e que dispón de 64.001 millóns de euros, o 6% do PIB.

A pesar de que o principal gasto non contributivo que soportaba o sistema de SS era a sanidade universal, aínda quedan algúns outros que se seguen pagando con cargo ás cotizacións –complementos a mínimos e gastos de estrutura– e que supoñen máis de 7.000 millóns de euros anuais. O acordo de pensións do ano 2001 estableceu o ano 2013 como data límite para que estes gastos se financien integramente con cargo á imposición xeral. Cando se alcance a plena separación de fontes, todos estes ingresos engrosarán o Fondo de Reserva.

Con respecto ás cotizacións, as pensións contributivas fináncianse na súa totalidade coas cotizacións dos traballadores en activo. Estas cotizacións, tanto as descontadas directamente da nómina do traballador coma as aboadas pola empresa, forman parte da retribución das persoas asalariadas, e conforman o denominado “custo empresa” como contrapartida ao traballo desenvolvido. Polo tanto, son unha “retribución diferida”, unha parte da contraprestación económica polo traballo realizado que se destina a financiar as pensións actuais e que serve de base para determinar a pensión futura de quen hoxe cotiza. É dicir, os per-

ceptores de rendas do traballo renuncian hoxe a unha parte delas para xerar un dereito ao cobramento da súa pensión futura, de forma que o sistema se financia desde o mundo do traballo. Actualmente, estas son as cotizacións ao sistema: a cargo da empresa o 23,60% e a cargo do traballador o 4,70%; en total, o 28,30%.

2. FONDO DE RESERVA

A previsión de constitución de reservas para lles facer fronte aos desequilibrios que poidan presentarse entre ingresos e gastos foi unha constante no noso sistema de SS. Esta toma unha nova dimensión a raíz do Pacto de Toledo, cuxa recomendación segunda prevé a constitución de fondos de equilibrio en épocas de bonanza que permitan actuar en momentos baixos do ciclo económico, sen acudir a incrementos das cotizacións. No mesmo sentido, na Renovación do Pacto de Toledo dispónse que os excedentes do sistema de SS deberían destinarse fundamentalmente a seguir dotando o Fondo de Reserva (Del Valle, 2009).

A previsión legal do Fondo de Reserva está contida no artigo 91 da Lei xeral da Seguridade Social (LXSS), que ordena a constitución na Tesourería Xeral da Seguridade Social dun fondo de reserva *“coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema da Seguridade Social en materia de prestacións contributivas”*. Ademais, a súa regulación recóllese de maneira específica na Lei 28/2003, de 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social, cuxo artigo 4 sinala que: *“A disposición dos activos do Fondo de Reserva da Seguridade Social destinarase con carácter exclusivo ao financiamento das pensións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión, e só será posible en situacións estruturais de déficit por operacións non financeiras do sistema da Seguridade Social, non poderá exceder en cada ano do tres por cento da suma de ambos os conceptos e precisará de autorización previa do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Facenda e de Economía”*.

O sistema de SS vén mantendo superávits exercicio tras exercicio (14.000 millóns de euros no ano 2008; 8.500 millóns no 2009; 2.700 millóns no 2010). Se aos 64.001 millóns de euros que ten na actualidade o Fondo de Reserva lles sumamos os 7.000 millóns dos complementos a mínimos e gastos de estrutura do ano 2010, máis os 8.000 millóns dos aprazamentos de pagamento das empresas da cota patronal, o Fondo tería 79.001 millóns de euros, polo que a fortaleza financeira do sistema é evidente.

Desta maneira, aínda que o Goberno anunciase que no ano 2010 os ingresos da SS foron inferiores aos gastos e que o superávit é consecuencia dos xuros do Fondo de Reserva (superávit 2.382,022 millóns de euros, o 0,22% do PIB), coas súas propias cifras demostrábase que iso non é certo (IGE, 2010). Na táboa 1 móstranse os ingresos e os gastos da Seguridade Social no ano 2010.

Táboa 1.- Ingresos e gastos da Seguridade Social, 2010

Ingresos	
Cotizacións sociais	105.682,72
Ocupados	94.822,27
Desempregados	7.260,00
Bonificacións	2.720,00
Outros desempregados	880,00
Taxas e outros ingresos	1.275,51
Transferencias correntes	11.965,80
Complementos a mínimos	2.706,35
Pensións non contributivas	2.137,58
Pensións non contributivas con fillo a cargo	1.116,06
Outras	220,04
Ministerio (agás traballo) e organismos autónomos	5.748,05
Ingresos patrimoniais	2.792,42
Xuros do Fondo de Reserva	2.661,39
Operacións de capital	768,10
TOTAL	122.484,55
Gastos	
Persoal	2.407,51
Gasto corrente	1.710,60
Gasto financeiro	8,35
Transferencias correntes	114.912,58
Pensións contributivas	95.714,00
Incapacidade temporal	6839,44
Maternidade, paternidade, lactación	2.312,95
Outras	295,35
Pensións non contributivas	2.042,51
Pensións familiares non contributivas	1.372,62
Outras	295,35
Operacións de capital	1.062,54
TOTAL	120.101,58

FONTE: Elaboración propia.

Os gastos de persoal da Administración van a cargo dos orzamentos xerais do Estado (OXE) ou dos autonómicos; os do persoal da SS corren a cargo da caixa da SS. Se os ingresos da SS se incrementan coas cantidades que terían que ir a cargo dos OXE (persoal, 2.407,51 millóns de euros; outras, 873,66 millóns; pensións non contributivas, 2.042,51 millóns; pensións a favor de familiares non contributivas, 1.372,62 millóns) xunto cos 8.000 millóns que deben os empresarios polo aprazamento de cotas, no ano 2010 os ingresos suporían 137.180,83 millóns de euros e os gastos, 113.770,28 millóns. Polo tanto, o superávit no ano 2010 sería de 23.410,55 millóns de euros, que pasarían a engrosar o Fondo de Reserva.

Na táboa 2 preséntase o gasto en pensións correspondentes ao ano 2009 dalgunos países da Unión Europea (UE). Como podemos observar nesta táboa, España está a 2,5 puntos do PIB en gasto de pensións da media europea; polo tanto, temos

unha marxe considerable e non urxe o atraso da idade de xubilación nin incrementar os períodos de cálculo da pensión (Eurostat, 2009).

Táboa 2.- Gasto en pensións dalgúns países da UE en % do PIB, 2009

País	% do PIB
Italia	15,0
Austria	13,9
Francia	13,6
Suecia	11,8
UE-27	11,7
Bélxica	11,3
España	9,2
Reino Unido	8,7
Luxemburgo	8,3

FONTE: Eurostat (2009).

2.1. ACORDO DE PENSIONES DO ANO 2011

Para acometer a futura situación de problemas de viabilidade e sustentabilidade do sistema actual de pensións, a Lei 27/2011, do 1 de agosto, aposta polo aforro en gasto social, que derivará do atraso xeneralizado da idade de xubilación e das modificacións introducidas na forma de cálculo da pensión (base reguladora e porcentaxes) que pretenden facer depender máis as prestacións das achegas efectuadas ao sistema (López Aniorte, 2012).

O acordo de reforma do sistema de pensións xerou, como non podía ser menos, unha ampla expectación polo seu significado material e polas súas repercusións políticas. Trátase dun feito moi significativo que merece unhas reflexións globais, con independencia de posteriores análises sobre aspectos do seu contido.

A valoración de calquera acordo require considerar cando menos tres aspectos: o primeiro, o contexto en que se produce a súa negociación e asinamento; en segundo lugar, a fórmula ou procedemento levado a termo para a súa realización e as posteriores consecuencias do proceso; e por último, as consideracións sobre o contido do acordado e a súa posición na relación existente entre as pretensións das partes da negociación.

A reforma do sistema de pensións inscríbese nunha liña de intervención promovida pola Comisión Europea, que non só se manifesta na elaboración do «Libro Verde. En pos de unos sistemas de pensiones europeos adecuados, sostenibles y seguros» [COM(2010) 365 final, de 07/07/10], cuxa tese é que hai que atrasar a idade de xubilación revisando por completo os marcos legais nos países da UE, senón nas iniciativas que ela auspiciou en varios ordenamentos europeos como medida de saída da crise. Producíronse así reformas das pensións de xubilación nalgúns países que sufriron as turbulencias financeiras sobre o financiamento da

súa débeda, pero tamén en Estados centrais como o Reino Unido e, de maneira especial, en Francia (Comisión Europea, 2010).

No caso español, a Lei 27/2011 modificou a idade ordinaria ou estándar necesaria para xerar dereito á pensión de xubilación. A proposta do Goberno de ampliar a idade de xubilación aos 67 anos e a extensión dos períodos de carencia a 41 anos, con 30 anos para o cálculo da base reguladora, culminaba unha estratexia de reformas levadas a cabo polo Goberno socialista, que incidira sobre o gasto social e o salario dos empregados públicos, a privatización dos servizos públicos máis rendibles e a implantación dunha reforma estrutural do mercado de traballo que, malia a folga xeral do 29 de setembro, se aplicou nos termos deseñados polo mando económico e financeiro, que foron asumidos e defendidos na súa integridade polo réxime legal que implanta a Lei 35/2010.

Neste contexto de ofensiva polo que se denomina “depreciación interna” dos salarios e do poder sindical colectivo na regulación das condicións de traballo, a reforma do sistema de pensións viña anunciar que o obxectivo seguinte era o modelo de SS como manifestación principal da cláusula de Estado social da nosa Constitución.

3. CONTIDOS DO ACORDO DE PENSIONS DO ANO 2011

3.1. DEREITO LEGAL DE XUBILACIÓN

Sitúase con carácter xeral no intervalo dos 63 aos 67 anos, articulado da seguinte forma:

- a) *Xubilación ordinaria*: incorpórase o concepto de “carreira laboral completa” ante a SS para os traballadores que cotizasen 38 anos e seis meses. A idade de xubilación dos traballadores que acumulen carreira laboral completa será a partir dos 65 anos. Para o resto, a idade de xubilación fíxase en 67 anos. O paso de 65 a 67 anos aplicarase progresivamente no período comprendido entre os anos 2013 e 2027, cun ritmo dun mes por ano ata o ano 2018 e dous meses por ano desde o ano 2019 ata o 2027 (Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, 2011). Na táboa 3 preséntase a idade de xubilación en función dos períodos de cotización acreditados.
- b) *Xubilación anticipada*: de forma voluntaria a partir dos 63 anos de idade, cun mínimo de 33 anos cotizados. O coeficiente reductor anual será do 7,5% por ano de anticipo sobre a idade ordinaria de xubilación en cada caso. Por exemplo, a unha persoa con 63 anos de idade e 33 anos cotizados reduciríase a súa pensión nun 30%. Esta pensión non poderá xerar complementos a mínimos (López Gandía, 2011).
- c) *Xubilación anticipada motivada por unha situación de crise*: cando se cumpra este requisito, a xubilación poderá producirse a partir dos 61 anos do traballador con 33 anos cotizados e un coeficiente reductor do 7,5% que non poderá ser

inferior ao 33% nin superior ao 42% da base reguladora (López Gandía, 2008, 2011).

- d) *Xubilación especial aos 64 anos*: desaparece e, como consecuencia, desaparece o contrato de remuda. Este sistema permitía xubilarse un ano antes dos 65 sen penalización ningunha e, así mesmo, permitía a contratación dun remudista e renovar os cadros de persoal (López Gandía, 2011).
- e) *Período de cómputo*: o cálculo da base reguladora da pensión pasará de 15 a 25 anos; a elevación realizarase progresivamente, a razón dun ano desde o ano 2013 ata o 2022. Na táboa 4 móstrase a elevación do período de cómputo.

Táboa 3.- Idade de xubilación en función dos períodos de cotización acreditados

Durante o ano	Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	38 anos e 6 ou máis meses cotizados
2013	65 anos e 1 mes	65
2014	65 anos e 2 meses	65
2015	65 anos e 3 meses	65
2016	65 anos e 4 meses	65
2017	65 anos e 5 meses	65
2018	65 anos e 6 meses	65
2019	65 anos e 8 meses	65
2020	65 anos e 10 meses	65
2021	66 anos	65
2022	66 anos e 2 meses	65
2023	66 anos e 4 meses	65
2024	66 anos e 6 meses	65
2025	66 anos e 8 meses	65
2026	66 anos e 10 meses	65
2027	67 anos	65

FONTE: Acordo de pensións do ano 2011.

Táboa 4.- Elevación do período de cómputo (cálculo da base reguladora)

Referencia temporal	Tempo computado
Durante o ano 2013	196 meses (16 anos)
Durante o ano 2014	204 meses (17 anos)
Durante o ano 2015	216 meses (18 anos)
Durante o ano 2016	228 meses (19 anos)
Durante o ano 2017	240 meses (20 anos)
Durante o ano 2018	252 meses (21 anos)
Durante o ano 2019	264 meses (22 anos)
Durante o ano 2020	276 meses (23 anos)
Durante o ano 2021	288 meses (24 anos)
A partir do ano 2022	300 meses (25 anos)

FONTE: Acordo de pensións do ano 2011.

A cotización de 35 a 38 anos e seis meses para acceder á xubilación aos 65 anos producirase nun período transitorio que se inicia no ano 2013 e que finaliza no 2027, cunha cadencia de tres meses cada ano (táboa 5). Para poder xubilarse

aos 65 anos co 100% da pensión, terase que empezar a traballar á idade de 26 anos e seis meses e non ter ningún período de cotización en branco. Para xubilarse aos 67 anos co 100% da pensión, será necesario comezar a traballar con 30 anos e non ter períodos de cotización en branco. Tal e como está o mercado de traballo en España, será practicamente imposible alcanzar o 100% da pensión. Na actualidade, o 68% dos pensionistas cobran o 100% da súa pensión. A previsión do Goberno é que no futuro o 100% da pensión só atinxa ao 50% dos pensionistas.

Táboa 5.- Incremento de 35 a 38 anos e 6 meses na xubilación aos 65 anos

Anos 2013-2027	Período cotizado
2013	35 anos e 3 meses
2014	35 anos e 6 meses
2015	35 anos e 9 meses
2016	36 anos
2017	36 anos e 3 meses
2018	36 anos e 6 meses
2019	36 anos e 9 meses
2020	37 anos
2021	37 anos e 3 meses
2022	37 anos e 6 meses
2023	37 anos e 9 meses
2024	38 anos
2025 e 2026	38 anos e 3 meses
A partir do 2027	38 anos e seis meses

FONTE: Acordo de pensións do ano 2011.

3.2. ASPECTOS DESTACABLES DO ACORDO DO ANO 2011

- a) *Mulleres*. As mulleres que interrompan a súa vida laboral por nacemento ou por adopción poderán adiantar antes dos 67 anos a idade de xubilación en nove meses por cada fillo, cun máximo de dous anos, sempre que con ese período adicional dispoñan dunha carreira de cotización suficiente para a xubilación plena entre os 65 e 67 anos. Amplíase a tres anos o período de cotización por excedencia para o coidado de fillos.
- b) *Mocidade*. Os programas formativos, de formación profesional ou universitaria, gozarán da mesma protección que os contratos formativos e coas mesmas limitacións temporais. As entidades e empresas que os financien deberán cotizar á SS polos beneficiarios nos mesmos termos que os contratos formativos.
- c) *Xubilación parcial con contrato remuda*. Antes do acordo, a cotización do remudado facíase a cargo da SS; no futuro farase a cargo do empresario. Endurécese esta modalidade de xubilación, que se viña utilizando para a renovación dos cadros de persoal.

Na táboa 6 preséntase unha comparativa relativa á xubilación antes do acordo, en función do acordo do ano 2011 e a proposta do Goberno.

Táboa 6.- Cadro comparativo

Xubilación	Antes do acordo	Acordo 2011	Proposta do Goberno
Acceso á xubilación anos cotizados	15 anos	15 anos	Entre 18 e 25 anos
Xubilación aos 65 anos co 100% da pensión	35 anos cotizados	38,5 anos cotizados	41 anos de cotización
Xubilación aos 67 anos co 100% da pensión	Non existía	37 anos cotizados	41 anos de cotización
Xubilación voluntaria aos 63 anos	Requisito: despedimento procedente	Non é necesario o despedimento procedente	Elimina esta modalidade de xubilación
Xubilación parcial con contrato de remuda	61 anos	61 anos	Mantén esta modalidade só para casos de empresas en crise

FONTE: Elaboración propia.

4. AS PENSIONES EN GALICIA

Neste punto pretende analizarse cantas pensións se cobran e se pagan en Galicia e cal foi a súa evolución nos últimos vinte anos. No ano 2010, a media foi de 721.000 pensións, resultado dun proceso sostido de aumento das persoas con esta cobertura social. Ao comparar o ano 2010 co ano 1990, compróbase que o número de pensións experimentou unha medra de 168.800 en vinte anos, o que supón un incremento acumulado para o conxunto do período do 31% (IGE, 2010) (táboa 7). Estamos ante un sistema que medrou a unha taxa media anual de 1,3%. A medra non é homoxénea no conxunto do período, xa que as diferenzas son significativas segundo os anos.

Táboa 7.- Evolución do número de pensións en Galicia

Ano	Pensións	% Variación	Variación	Ano	Pensións	% Variación	Variación
1990	552.200		100	2000	667.400	1,1%	121
1991	566.400	2,6%	103	2001	673.900	1,0%	123
1992	580.800	2,5%	105	2002	679.000	0,7%	124
1993	594.700	2,4%	108	2003	683.300	0,6%	121
1994	609.800	2,5%	110	2004	685.400	0,3%	125
1995	620.500	1,7%	112	2005	689.700	0,6%	125
1996	631.700	1,8%	114	2006	697.500	1,1%	126
1997	643.200	1,8%	116	2007	702.400	0,7%	127
1998	652.000	1,4%	118	2008	708.500	0,9%	128
1999	660.000	1,2%	120	2009	714.900	0,9%	129
				2010	721.000	0,9%	131

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e Consello Económico Social de Galicia (2010).

4.1. RELACIÓN PENSIONES/POBOACIÓN EN GALICIA

Para un maior coñecemento da relevancia social do sistema público de pensións, é útil relacionar o número de pensións co nivel de poboación. O cálculo des-

ta ratio (número de pensionistas como porcentaxe do total da poboación de Galicia) proporcionáanos un indicador que se podería denominar “índice de dependencia”; isto é, cantas persoas teñen nas pensións da SS a súa principal fonte de ingresos (Consello Galego de Relacións Laborais, 2010) (táboa 8).

Táboa 8.- Ratio pensións/poboación

Ano	Pensión	Poboac.	% pensións/poboac.	Ano	Pensión	Poboac.	% pensións/poboac.
1990	552.200	2.739.375	20,1%	2000	667.400	2.731.900	24,5%
1991	566.400	2.733.176	20,7%	2001	673.900	2.732.926	24,6%
1992	580.800	2.732.230	21,3%	2002	679.000	2.739.370	24,8%
1993	594.700	2.731.741	21,8%	2003	683.200	2.751.094	24,8%
1994	609.800	2.729.710	22,3%	2004	685.400	2.750.985	24,9%
1995	620.500	2.726.747	22,7%	2005	689.700	2.762.198	24,9%
1996	631.700	2.723.763	23,2%	2006	697.500	2.767.524	25,2%
1997	643.200	2.720.326	23,6%	2007	702.400	2.772.533	25,3%
1998	652.000	2.724.544	24,0%	2008	708.500	2.784.169	25,4%
1999	660.000	2.730.337	24,3%	2009	714.900	2.796.089	25,6%
				2010	721.000	2.797.653	25,8%

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e IGE (2010).

No ano 2010, o índice de dependencia é do 25,8%, é dicir, case 26 de cada 100 persoas galegas son pensionistas e teñen como fonte de ingresos o sistema de SS. A dependencia social do sistema público de pensións é máis alta en Galicia ca no conxunto do Estado: fronte a un valor do 25,8% para Galicia, o índice de dependencia media do Estado é do 18,2%, nun diferencial de máis de sete puntos (táboa 9). A orixe desta situación está na estrutura demográfica galega, no seu proceso de avellentamento. A emigración, a natalidade e a estrutura económico-productiva son algúns dos factores explicativos (Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais 2011; IGE, 2010).

Táboa 9.- Comparación entre o número de pensións en Galicia e España

Ano	Galicia	España	Galicia/España	Ano	Galicia	España	Galicia/España
1990	552.200	6.102.100	9,1%	2000	667.400	7.598.400	8,8%
1991	566.400	6.253.400	9,1%	2001	673.900	7.677.920	8,7%
1992	580.800	6.422.600	9,1%	2002	679.000	7.745.780	8,8%
1993	594.700	6.605.600	9,0%	2003	683.200	7.819.460	8,8%
1994	609.800	6.822.400	8,9%	2004	685.400	7.878.640	8,7%
1995	620.500	6.966.100	8,9%	2005	689.700	7.979.710	8,6%
1996	631.700	7.110.200	8,9%	2006	697.500	8.165.340	8,5%
1997	643.200	7.279.300	8,8%	2007	702.400	8.273.940	8,5%
1998	652.000	7.410.700	8,8%	2008	708.500	8.390.800	8,4%
1999	660.000	7.509.300	8,8%	2009	714.900	8.531.930	8,4%
				2010	721.000	8.671.020	8,3%

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e Consello Galego de Relacións Laborais (2010).

As pensións galegas móvense arredor do 9% de media entre os anos 1990 e 2010, o que significa que nove de cada cen pensións de España se cobran en Gali-

cia. Para medir a relevancia deste dato, cómpre relacionalo co volume de poboación. No ano 2010, o número de habitantes de Galicia equivale ao 6% da poboación española, mentres que as pensións representan o 8,3% das do Estado. Isto significa que existe un diferencial moi importante de 2,3 puntos a favor das pensións (Consello Galego de Relacións Laborais, 2010).

4.2. PENSIÓNS POR RÉXIMES

A estrutura por réximes do sistema da SS ten unha especial relevancia porque o funcionamento financeiro de cada un deles é moi diferente, así que a distribución de cotizacións e pensións nos varios réximes é un elemento clave na suficiencia financeira do sistema (táboa 10).

Táboa 10.- Pensións segundo o réxime

Ano	Réxime xeral	Réxime especial minería	Réxime especial agrario	Réxime especial fogar	Réxime especial autónomo	Réxime especial mar	Outros
1990	146.900		271.500		40.100	33.900	59.800
1991	154.700		274.700		41.800	30.400	59.500
1992	163.500		276.700		43.500	37.100	59.800
1993	173.900		277.300		45.600	38.700	59.200
1994	187.700		276.200		47.400	39.900	58.100
1995	197.200		275.100		49.200	40.900	58.100
1996	207.400		273.500		51.100	42.100	57.600
1997	217.800		271.400		53.300	43.300	57.500
1998	226.400		268.800		55.300	44.200	57.300
1999	234.100		265.900		57.500	45.000	57.500
2000	241.352	1.508	262.685	15.222	59.938	45.872	40.845
2001	247.747	1.539	259.558	15.487	62.423	46.678	40.444
2002	254.045	1.561	255.366	15.665	64.849	47.452	40.066
2003	260.505	1.591	250.529	15.819	67.041	48.063	39.628
2004	266.711	1.595	244.495	15.912	69.022	48.529	39.110
2005	273.568	1.604	238.944	16.005	71.084	49.150	39.390
2006	281.473	1.616	233.919	16.151	73.382	49.900	40.966
2007	289.437	1.621	228.096	16.241	75.665	50.681	40.705
2008	298.126	1.610	6.178	16.378	294.663	51.289	40.294
2009	307.318	1.618	6.080	16.516	291.682	51.871	39.836

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e INE (2010).

En Galicia, ata o ano 2002 o réxime agrario era o que contaba con máis pensións contributivas, situación que non se producía no resto do Estado, onde o réxime máis numeroso era o xeral. Desde o ano 2003, a situación en Galicia é a mesma que no Estado: predomina o réxime xeral, aínda que en menores proporcións. Para dar unha idea global, hai que ter en conta as seguintes porcentaxes: no réxime xeral as pensións galegas representan o 6% do total das españolas; no agrario por conta propia, o 35%; no do mar, o 39%; e no de autónomos, o 7,4%.

A evolución dos últimos anos amosa un proceso de cambio na estrutura das pensións por réximes, que avanza aínda devagar cara a un funcionamento máis normalizado en relación coa nosa contorna. En concreto, o número de pensións no réxime especial agrario estancouse e, nos últimos anos, presenta unha tendencia de redución en números absolutos. Isto significa que no sistema hai máis baixas por defunción ou perda do dereito ca altas por novas incorporacións. A razón está en que a fase máis intensa de saída das persoas ocupadas na agricultura cara ao sistema de protección social deuse na década de 1980 e que ese proceso, como demostran os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) na súa *Enquisa de Poboación Activa* (EPA), está nestes momentos practicamente paralizado.

Velaquí un dato que pode servir para medir a importancia deste proceso: no ano 1990, o 49% das pensións galegas eran agrarias; no ano 2007 representan só o 32% (cifra en todo caso moi superior á da media española, que é do 8%). A partir do ano 2008, pola integración do réxime especial agrario por conta propia no réxime especial de autónomos, non é posible darlle continuidade á serie iniciada no ano 1990.

No sentido contrario evoluciona o peso das pensións do réxime xeral, que segue unha tendencia crecente e sostida nos últimos anos, con máis altas ca baixas, e que pasa de ter o 27% das pensións totais no ano 1990 ao 41% no ano 2007.

Estancamento con tendencia á redución do peso do réxime agrario, crecente protagonismo das pensións do réxime xeral e crecemento lento pero sostido no réxime de persoas autónomas e do mar son os trazos básicos que resumen a previsible evolución do sistema de protección social en Galicia (Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais, 2011; INE, 2011).

4.3. RELACIÓN ENTRE COTIZANTES E PENSIONISTAS

Unha das variables do sistema de protección social é a relación entre o volume de persoas cotizantes do sistema –isto é, persoas activas e afiliadas á Seguridade Social– e as pensións que se benefician do sistema, é dicir, persoas pasivas. É na relación entrambos os colectivos, na ratio persoas activas/persoas pasivas, onde están algunhas das claves da viabilidade ou sustentabilidade do sistema no longo prazo.

Na medida en que se trata dunha relación entre dúas variables, o resultado da *ratio* vén condicionado pola evolución de cada unha delas (táboa 11). Isto quer dicir que o incremento da ocupación e a creación sostida de emprego permitirán soste os aumentos das pensións. Ao mesmo tempo, a maior esperanza de vida ou os cambios legais nas idades de xubilación, por exemplo, fan presións na estabilidade do sistema que han resolverse no longo prazo con aumentos da ocupación.

Máis decisivo é o criterio que compara as prestacións co PIB, coa riqueza producida polo país, xa que, ao cabo, as prestacións públicas non son máis ca instrumentos de distribución e de redistribución da riqueza nacional, pois o sistema de

SS é o resultado da distribución regrada de parte da produtividade da sociedade.

Táboa 11.- Ratio cotizacións/pensións

Ano	Cotizantes	Pensionistas	Cotizante por pensionista	Ano	Cotizantes	Pensionistas	Cotizante por pensionista
1990	768.900	552.200	1,39	2000	880.600	667.400	1,32
1991	773.300	566.400	1,37	2001	904.300	673.900	1,34
1992	771.200	580.400	1,33	2002	923.900	679.000	1,36
1993	775.000	594.700	1,30	2003	947.100	683.200	1,39
1994	752.700	609.800	1,23	2004	970.300	685.400	1,41
1995	758.200	620.500	1,22	2005	997.700	689.700	1,45
1996	765.200	631.700	1,21	2006	1.032.500	697.500	1,48
1997	782.400	643.200	1,22	2007	1.070.100	702.400	1,52
1998	814.300	652.000	1,25	2008	1.072.500	708.500	1,51
1999	851.200	660.000	1,29	2009	1.029.600	714.900	1,44
				2010	1.007.400	721.000	1,40

FONTE: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011).

No ano 2010, a relación cotizantes/pensións era de 1,40 persoas afiliadas ao sistema da SS por cada 100 pensións que este aboa. Para valorar este índice é útil analízalo desde tres perspectivas: a súa evolución histórica, a comparación co valor medio de España e a súa desagregación entre os diferentes réximes da Seguridade Social.

A evolución histórica da ratio desde o ano 1990 ata a actualidade presenta dous períodos diferentes: ata o ano 1996, a ratio non deixa de caer, pasando desde o 1,39% no ano 1990 ata un mínimo do 1,21 dese ano; e a partir de 1996 mellora, ata se situar no 1,52 no ano 2007. A explicación deste dispar funcionamento radica basicamente na evolución do emprego e, en menor medida, no número de pensións.

No período 1990-1996, o emprego, e polo tanto o número de afiliacións á SS, medrou pouco en todo o período e nalgúns anos, especialmente entre os anos 1991 e 1994, reduciuse en cifras absolutas. A partir do ano 1995, o emprego, e sobre todo o asalariado, inicia unha importante fase de crecemento que eleva o número cotizantes á SS ata un máximo histórico de 1.072.000. Este proceso sofre unha repentina paralización no ano 2009 cando, por mor da crise económica, os cotizantes caen bruscamente en máis de 65.000 persoas, retrocedendo o total por baixo da cifra do ano 2006.

A análise comparada co resto do Estado mostra que, a pesar da mellora nos últimos anos, a ratio galega se sitúa por baixo da media de España. No ano 2010 hai no conxunto do Estado 216 persoas cotizantes por cada 100 pensións, fronte ás 140 de Galicia, un diferencial que cómpre estimar como un problema para a estabilidade social de Galicia (Consello Galego de Relacións Laborais, 2010).

4.4. EVOLUCIÓN DA PENSIÓN MEDIA EN GALICIA

Da análise da evolución da pensión media de Galicia comparada coa española nestes últimos vinte anos pode extraerse unha información preocupante para o futuro próximo: o diferencial negativo da pensión en Galicia é progresivamente crecente. No ano 1990 a pensión media galega representaba o 87% da española; no ano 2010 xa só equivale ao 84% (táboa 12). Entrambas as datas hai dúas décadas de caída continuada de diferenza das pensións en Galicia; cada ano pérdese en relación co anterior. Non existe, ademais, razón ningunha para pensar que este proceso se vaia deter, xa que os datos dispoñibles indican que continúa (IGE, 2010).

Táboa 12.- Evolución do importe medio da pensión

Ano	Galicia	España	Galicia/España	Ano	Galicia	España	Galicia/España
1990	233,8	267,4	87,4%	2000	391,9	468,4	83,7%
1991	253,6	291,5	87,0%	2001	413,0	494,5	83,5%
1992	272,2	315,5	86,2%	2002	430,3	515,9	73,4%
1993	292,2	340,8	85,7%	2003	454,4	546,0	83,2%
1994	300,5	354,6	85,1%	2004	478,3	576,6	82,9%
1995	232,9	382,8	84,6%	2005	506,2	609,8	83,0%
1996	339,7	402,2	84,4%	2006	535,1	641,9	83,0%
1997	351,5	417,5	84,2%	2007	562,7	673,7	83,0%
1998	362,7	432,3	84,0%	2008	600,1	719,7	83,0%
1999	373,6	446,4	83,7%	2009	629,8	754,1	83,0%
				2010	651,9	779,5	83,6%

FONTE: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011).

4.5. EVOLUCIÓN SEGUNDO O TIPO DE PENSIÓN

As normas reguladoras das pensións son iguais para todo o Estado, de forma que os diferenciais nas contías obedecen ás distintas situacións económicas e sociais de cada comunidade autónoma. Aínda máis, é un caso común que nas comunidades con menor nivel de pensión individual se produza unha importante achega do sistema a través do complemento para acadar a contía mínima legal, o que se coñece como “complemento de mínimos” (táboa 13).

Os valores medios das pensións de viuvez e orfandade móvense por baixo do salario mínimo interprofesional, que no ano 2011 é de 641,40 euros mensuais. As pensións de xubilación e de invalidez están lixeiramente por riba.

Concretamente, a contía da pensión media depende dunha serie de variables: o peso dos diferentes réximes da SS, o salario medio e polo tanto a base de cotización, a idade real de xubilación e os anos cotizados. De todas elas, as máis relevantes para a análise, porque son as que en Galicia presentan máis diferenzas, son o peso dos diferentes réximes e as bases de cotización ao sistema.

Para o conxunto do Estado, as pensións do réxime especial agrario están moi por baixo da media do sistema. En xaneiro de 2011, a pensión media deste réxime

era de 529 euros/mes, mentres que a media do sistema era de 798, isto é, a pensión agraria sitúase un 34% por baixo da media. En Galicia, a diferenza é similar, aínda que inferior, xa que a pensión agraria por conta propia está un 25% por baixo da medida. Pero o significativo é que as pensións por conta propia en Galicia supoñen o 40% do total, mentres que en España esta porcentaxe non chega ao 21%.

Táboa 13.- Importe segundo o tipo de pensión

Ano	Xubil.	Invalidez	Viuvez	Orfand. favor familiares	Ano	Xubil.	Invalidez	Viuvez	Orfand. favor familiares
1990	261,4	231,4	157,5	152,0	2000	438,9	448,7	277,2	199,8
1991	288,5	252,4	177,3	166,5	2001	462,0	480,7	291,3	211,2
1992	308,9	274,7	194,1	176,0	2002	479,8	507,0	307,2	220,2
1993	329,9	293,3	206,7	184,5	2003	504,5	538,4	331,0	233,6
1994	349,8	308,3	217,6	188,7	2004	526,0	564,2	361,7	250,7
1995	370,2	326,3	229,6	197,1	2005	557,6	595,8	381,0	271,6
1996	391,5	345,2	241,8	199,6	2006	540,7	626,3	399,8	292,2
1997	405,9	360,1	249,5	182,4	2007	622,5	650,9	417,9	308,6
1998	405,9	401,2	256,4	186,8	2008	667,6	686,4	443,7	333,8
1999	418,1	422,8	263,6	190,3	2009	700,8	714,9	464,7	350,7
					2010	726,3	735,6	480,3	361,9

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e INE (2010).

A explicación da maior parte do diferencial está no propio réxime xeral, e ten como razón fundamental as diferenzas entre Galicia e España. Se só se ten en conta este réxime, a pensión media de Galicia é de 785 euros/mes, un 13% inferior á de España, que se sitúa en 907 euros/mes. Esta diferenza explícase polos salarios máis baixos de Galicia, xa que o propio INE estima que a retribución media galega está 14 puntos por baixo da española, o que se traduce directamente nunha base de cotización inferior nesa mesma contía e, polo tanto, nunha base reguladora para o cálculo da pensión tamén inferior (Consello Galego de Relacións Laborais, 2010; IGE, 2010).

4.6. SALDO FINANCIERO DO SISTEMA CONTRIBUTIVO EN GALICIA

Un elemento básico para comprender o sistema social no segmento contributivo é o saldo financeiro do sistema, isto é, a súa capacidade para autofinanciarse. Trátase, en definitiva, de saber se na súa definición actual de ingresos e gastos, o sistema ten viabilidade a longo prazo. Como se sabe, o sistema baséase nas cotizacións sociais, nas cotas da SS que aboan as empresas e as persoas traballadoras e, de xeito minoritario, o Instituto Nacional de Emprego (INEM) polas persoas desempregadas que cobran prestacións contributivas. Coa recadación por cotas, a SS ten que facerlles fronte ás pensións contributivas, aos pagamentos por incapacidades/invalideces e aos gastos administrativos. Na táboa 14 analízase o segmento contributivo do sistema, isto é, os ingresos por cotas e os pagamentos por prestacións ligadas á cotización.

Táboa 14.- Saldo financeiro do sistema contributivo en Galicia

Ano	Recadación cotas	Pagamentos	Saldo
2001	3.171	4.360	-1.189
2002	3.322	4.645	-1.323
2003	3.547	4.889	-1.342
2004	3.791	5.195	-1.404
2005	4.038	5.536	-1.498
2006	4.355	5.856	-1.501
2007	4.698	6.285	-1.587
2008	5.012	6.638	-1.626
2009	5.071	6.740	-1.669

NOTA: Cantidades en millóns de euros.

FONTE: Consello Económico e Social de Galicia (2010).

Á vista dos datos, o sistema contributivo é deficitario en Galicia: os ingresos por cotas non cobren os pagamentos das pensións. Este é un trazo moi preocupante, que diferencia ademais o sistema galego do do resto do Estado. No conxunto de España, o segmento contributivo ten un saldo financeiro positivo. Así, no ano 2009, cando en Galicia houbo un déficit de case 1.600 millóns de euros, no conxunto do Estado o superávit foi de 8.000 millóns de euros. Este déficit do conxunto do sistema contributivo galego descomponse en evolucións diferenciadas segundo os réximes, que explican, ademais, o diferente resultado en Galicia e en España.

4.7. SALDO FINANCEIRO POR RÉXIMES

Na táboa 15 obsérvanse dúas clases de réximes segundo o resultado: en primeiro lugar, o réxime xeral que ten un saldo financeiro equilibrado; e no segundo grupo están todos os demais –o especial de autónomos, o especial agrario e o do mar, os de fogar e a minería–, que teñen déficit e ademais dunha enorme magnitude.

Táboa 15.- Saldo por réximes

Réxime	Cotas	Pagamentos	Saldo
Réxime xeral	3.679,5	3.681,2	-1,6
Réxime especial agrario	6,1	506,9	-500,8
Réxime especial de autónomos	676,4	1.522,4	-845,9
Réxime especial do mar	86,6	569,2	-482,6
Réxime especial do fogar	39,1	114,9	-75,8
Réxime especial da minería	2,0	24,6	-22,6
Outros	34,7	205,4	-170,7

NOTA: Cantidades en millóns de euros.

FONTE: Consello Económico Social de Galicia (2010).

O réxime xeral ten no ano 2009 unha situación de equilibrio, xa que o considerable aumento de cotizantes permitiu que as cotas recadadas financiaran

as prestacións ata que se producise un excedente. No extremo oposto están o réxime especial do mar, cun déficit de 483 millóns de euros, que representan cinco veces as súas cotizacións, e o réxime especial agrario. Este é en termos cuantitativos o factor explicativo do déficit do sistema en Galicia. As cifras son concluíntes: unhas cotas de 6,1 millóns para pagar 507 millóns en pensións, isto é, unha proporción de 90 a 1, o que xera un déficit de 1.348 millóns tan forte que non pode compensarse cos demais réximes. Cando se ingresan 6 millóns por ano e o déficit anual é de 500 millóns, é evidente que existe un problema de difícil solución para avanzar nunha mellor relación entre o que se cotiza e o que se cobra.

Á vista do anterior, hai que concluír que o sistema da protección social na súa contribución é solidario nun dobre sentido: do conxunto de España con Galicia e, dentro de Galicia, das persoas asalariadas e autónomas coas traballadoras do mar e coas autónomas agrarias.

4.8. GASTOS DE PENSIONS SOBRE O PIB EN GALICIA

Na táboa 16 móstrase o peso dos pagamentos en pensións comparado co PIB de Galicia desde o ano 1995 ata o 2009. No ano 1995, a sociedade galega dedicaba o 12,5% da riqueza xerada a pagar pensións, mentres que no ano 2009 esa porcentaxe baixa ata o 11%. É un dato importantísimo nun momento de debate sobre a sustentabilidade económica do sistema porque vén a demostrar que o incremento da produción, do PIB, permite financiar sen moitos problemas incrementos do gasto en pensións. Nestes últimos trece anos, en Galicia multiplicouse por 2,2 veces o gasto; porén, dedicamos unha parte menor da nosa riqueza a financiar o sistema contributivo das pensións da SS.

Táboa 16.- Gastos en pensións sobre o PIB en Galicia

Ano	PIB	Pagamentos	% sobre o PIB
1995	24.240	3.042	12,5
1996	25.552	3.289	12,8
1997	27.224	3.560	13,1
1998	29.069	3.498	12,0
1999	31.354	3.843	12,2
2000	33.887	4.187	12,3
2001	36.565	4.360	11,9
2002	38.882	4.645	11,9
2003	41.555	4.889	11,7
2004	44.750	5.195	11,6
2005	48.359	5.536	11,1
2006	52.457	5.856	11,1
2007	56.209	6.285	11,2
2008	58.648	6.638	11,3
2009	57.153	6.740	11,8

FONTES: Consello Económico Social de Galicia (2010) e IGE (2010).

5. IMPORTE MEDIO DAS PENSÍONS NO CONXUNTO DO ESTADO

Xunto co número de pensións, a súa contía é outra das variables fundamentais do sistema, non só polo que supón para o seu equilibrio financeiro senón especialmente porque constitúen a fonte de ingresos para unha parte significativa da cidadanía galega, en concreto o 26% da poboación.

O primeiro dato é a constatación de que Galicia ocupa o último lugar na listaxe de comunidades autónomas do Estado polo importe medio da pensión. En decembro de 2010, o importe medio da pensión en Galicia era de 651,9 euros/mes, fronte a unha media estatal de 779,5 euros/mes; isto é, a pensión en Galicia é de 127,6 euros/mes inferior á da media estatal, un 16% menos cá española. En concreto, con respecto á comunidade con maior pensión media –País Vasco– a diferenza en decembro de 2010 era de 314,2 euros/mes, isto é, un importe medio en Galicia dun 33% menos. Como se ve na táboa 17, son as comunidades con maior peso industrial de emprego asalariado as que están por riba da media, coa excepción de Ceuta e de Melilla; e as que teñen valores por baixo da media son as que soportan un maior peso do emprego no sector primario.

Táboa 17.- Importe medio das pensións no Estado, 2010

Comunidade autónoma	Pensión	Diferenza coa media
País Vasco	966,1	124%
Asturias	930,9	119%
Madrid	922,4	118%
Navarra	879,4	113%
Cantabria	811,2	104%
Aragón	807,8	104%
Cataluña	803,8	193%
Ceuta e Melilla	801,3	193%
MEDIA	779,5	100%
Castela e León	757,9	97%
A Rioxa	744,6	96%
Canarias	732,2	94%
Castela-A Mancha	728,5	93%
Andalucía	715,6	92%
Comunidade Valenciana	715,3	92%
Baleares	708,0	91%
Murcia	687,1	88%
Estremadura	664,8	85%
GALICIA	651,9	84%

FONTES: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (2011) e INE (2010).

6. CUSTOS LABORAIS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Na táboa 18 presentamos o custo laboral por traballador e mes para o ano 2010 a partir da *Encuesta Trimestal del Coste Laboral (ETCL)* por comunidades au-

tónomas que elabora o INE. O custo laboral das comunidades de Madrid e do País Vasco supera nun 11,5% e nun 11%, respectivamente, a media do Estado (máis de 315 euros mensuais). Pola contra, Galicia está un 12% por debaixo da media do Estado, é dicir, 300 euros por debaixo da media estatal e un 22% menos que Madrid e que o País Vasco (634 euros menos).

Táboa 18.- Custo laboral por traballador e mes, 2010

Comunidade autónoma	Pensión
Madrid	2.912,46
País Vasco	2.897,64
Cataluña	2.805,29
Navarra	2.665,91
Asturias	2.644,57
MEDIA DO ESTADO	2.578,11
Aragón	2.554,66
A Rioxa	2.468,44
Murcia	2.422,76
Andalucía	2.403,22
Castela e León	2.377,40
Baleares	2.373,47
Cantabria	2.361,12
Castela-A Mancha	2.310,38
Comunidade Valenciana	2.304,31
GALICIA	2.278,21
Estremadura	2.241,47
Canarias	2.201,82

FONTE: INE (2010).

7. CONCLUSIÓN

O sistema público de pensións é o pilar básico do estado de benestar e un dos principais instrumentos de redistribución da riqueza e garantía da protección social do que os cidadáns podemos gozar, e que se caracteriza por ser:

- *Contributivo*: a pensión que se percibe garda relación coas cotizacións efectuadas ao longo da vida laboral.
- *De repartición*: as prestacións contributivas dos pensionistas son financiadas polas cotizacións das persoas en activo, que percibirán as súas pensións futuras con cotizacións das persoas que traballen cando elas sexan pensionistas.
- *Público*: o que non só significa control e xestión pública da recadación e do pagamento de prestacións, senón tamén a garantía do Estado sobre as pensións.
- *Obrigatorio*: como requisito imprescindible dun sistema de seguros sociais que afecta á poboación traballadora, e basea a súa fortaleza na amplitude do colectivo de asegurados e nunha axeitada renovación destes.

– *Solidario*: con tres formas distintas de redistribución de renda como obxectivo: interxeracional como corresponde a un sistema de repartición, entre territorios de maior e menor renda individual media, entre persoas de maior nivel de renda cara ás de menor nivel de renda como consecuencia do efecto combinado da existencia de bases máximas de cotización así como da pensión máxima do sistema.

Este sistema require certas modificacións para que poida optimizarse. Entre estas reformas, é preciso que se finalice o proceso de separación das fontes de financiamento. Isto implica que os custos de estrutura e pensións non contributivas non deben de ir a conta das cotizacións das persoas traballadoras. Por outro lado, debe fortalecerse o fondo de reserva para unha maior viabilidade futura do sistema. Ademais, ningún recorte é necesario, xa que España está 2,5 puntos por debaixo do PIB en gasto de pensións da media europea.

No referente ao acordo de pensións do ano 2011, a reforma do sistema de pensións que este levou a cabo inscríbese nunha liña de intervención promovida pola Comisión Europea («Libro Verde»). O Goberno de España precipitouse no cumio de Davos ao anunciar a reforma das pensións sen ter en conta o Pacto de Toledo e sen facer valer o pacto de moderación salarial asinado por patronal e sindicatos e co asentimento do Goberno. Este acordo é un recorte moi importante tanto na contía das futuras pensións como nos anos de cotización para alcanzar o 100% dela.

En último lugar, é preciso facer mención á situación de Galicia, que ocupa o último lugar na listaxe de comunidades autónomas do Estado. Nesta Comunidade, o importe medio da pensión contributiva é de 651,9 euros/mes, un 16% menos cá media española e un 33% inferior á do País Vasco. Esta diferenza explícase polos salarios máis baixos de Galicia –a retribución media galega está 14 puntos por baixo da española–, o que se traduce directamente nunha base de cotización inferior aproximadamente na mesma contía. Desde o Goberno da Xunta deberíanse articular mecanismos para complementar as pensións que están por debaixo do salario mínimo interprofesional (SMI), co obxectivo de converxer co Estado. Todas estas medidas deben articularse tendo en conta que os custos laborais teñen unha influencia directa nas bases de cotización para o cálculo das pensións.

Desta análise conclúese que para acadar unha maior eficacia e eficiencia do sistema de pensións a reforma deste debe facerse tendo en conta os acordos acadados polos axentes sociais e o goberno como principais representantes dos intereses económicos e sociais presentes na sociedade civil.

BIBLIOGRAFÍA

- BORRAJO DACRUZ, E. (2011): *Introducción al Derecho del Trabajo*. Madrid: Tecnos.
COMISIÓN EUROPEA (2010): «Libro Verde. En pos de unos sistemas de pensiones europeos adecuados, sostenibles y seguros». [COM(2010) 365 final, de 07/07/10]. Bruselas: Comisión Europea.

- CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL (2010): *Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral de España*. Madrid: CES.
- CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL DE GALICIA (2010): *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2010*. Santiago de Compostela: CESC.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (2010): *Informe sociolaboral*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Relacións Laborais.
- DEL VALLE DE JOZ, J.I. (2009): *La sostenibilidad del sistema de seguridad social, un objetivo compartido*. (Aranzadi Social, 4/2009).
- ESPAÑA. JEFATURA DEL ESTADO (2003): Ley 28/2003, de 29 de septiembre, reguladora del Fondo de Reserva de la Seguridad Social. *Boletín Oficial del Estado*, nº 234, de 30/09/03.
- ESPAÑA. JEFATURA DEL ESTADO (2010): Ley 35/2010, de 17 de septiembre, de medidas urgentes para la reforma del mercado de trabajo. *Boletín Oficial del Estado*, nº 227, de 18/09/10.
- ESPAÑA. JEFATURA DEL ESTADO (2011): Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación y modernización del sistema de Seguridad Social. *Boletín Oficial del Estado*, nº 184, de 02/08/11.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN (2010): *Sistema de la Seguridad Social. Presupuesto de gastos. Liquidación del ejercicio 2010*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Inmigración, Secretaría de Estado de la Seguridad Social, Intervención General de la Seguridad Social.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES (2011): *Guía de la Seguridad Social 2011*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- EUROSTAT (2009): *Eurostat Year Book 2009*. Brussels: Statistical Office of the European Communities.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2010): *Datos cuarto trimestre 2010*. Santiago de Compostela: IGE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2010): *Encuesta Trimestral del Coste Laboral (ETCL). Datos del cuarto trimestre de 2010*. Madrid: INE.
- LÓPEZ ANIORTE, M.C. (2012): *Resumen técnico: la pensión de jubilación*. (Tirant on line). Valencia: Tirant lo Blanch.
- LÓPEZ GANDÍA, J. (2008): *Las relaciones laborales especiales*. Albacete: Bomarzo.
- LÓPEZ GANDÍA, J. (2011): *La nueva regulación de la jubilación parcial tras la reforma del 2007*. Albacete: Bomarzo.
- VIDA, J.; MONEREO, J.L.; MOLINA, C.; QUESADA, R. (2011): *Manual de Seguridad Social*. Madrid: Tecnos.